



Restauración
de murais de
San Vicente
de Pinol en
Sober



Páxina VII

Premio para
Marina
Mayoral



Páxina VII

O Plan Ribeira
Sagra terá un
investimento
de 34 millóns
ata 2023



Páxinas XII

Adolfina Mesa,
premio do
Certame
Galego de Arte
de Begonte



Páxina XII

Monforte
presidirá en
2022 a "Red
de Juderías de
España"



Páxina XII

As rodas de
afiar terán
museo



Páxina XIV



Festival Internacional Pórtico do Paraíso en Monforte, Ourense e O Carballiño

Páxina III



Café Bar
**NOVO
ENTRIMO**
Viños e tapas

Velázquez, 18
O COUTO
Ourense
627 85 86 13



**LA
CONSENTIDA**

TEL.: 988 006 173
VALLE INCLÁN, 21 BAJO
32004 OURENSE

CERVECERÍA
CAFETERÍA
PIZZERÍA
RESTAURANTE

A luz que grava a historia

por Inma Otero Varela

Do día 18 ao 30 de novembro, estivo exposta en Carral a mostra fotográfica “As fosas do esquecemento” de Eloy Alonso. Dentro do marco das XII xornadas de recuperación da Memoria Histórica que organiza a asociación Cultura Aberta, este ano coa colaboración da Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica, púidose experimentar coa vista, a través da exposición, e co oído, a través dos testemuños de Carmen García-Rodeja, presidenta da ARMH, e Pepe Ogando, familiar de represaliados, a realidade das fosas onde os franquistas soterraron os corpos asasinados impunemente. Na mostra exhibense algunhas das fotografías recollidas no libro La memoria de la tierra (Tébar, 2008), subxugantes pola estampaxe da crueldade e as pegadas da dor.

A fotografía, como todo rexistro, traballa con significados. Cando se trata de fotografía documental, o que sucede é que se desvela o sentido inscrito na realidade. Etimoloxicamente, fotografar é gravar con luz. E a luz xunto á impresión das súas pegadas fía todas as fotografías da exposición. Non só metaforicamente. Para alén de botar luz sobre un período escuro, sobre o silencio forzoso no que se agochaba a violencia negra coa que se culpaba aos inocentes, os xogos de luz e sombras poñen cor ao centro da escena. As persoas vivas, anónimas no máis dos ca-

sos, vense de esguello. Proxéctanse as súas siluetas de costas, ás veces só as súas sombras, sobre as paredes terrosas dos buratos feitos para esconder a ignominia. Alí reflíctese o impacto que produce en quen observa, pero tamén se reflicte a realidade. Non é só simulacro. É unha verdade á que fixeron opaca, pero que acaba saíndo á luz entre perfís avesíos.

Só se pode traballar coa luz e coas sombras cando hai corpos, cando hai obxectos. E nestas fotos hai moita materia. A dos ósos, que son xa fósiles. Realizan a función da ruína para falarnos desde o outro lado do tempo. Dinno desde o que hai, como un Atapuerca macabro que é testemuña da historia da humanidade. A antropoloxía do terror que berran as caveiras mentres a trabadas escriben nos sedimentos da terra os vestixios da inxustiza. Brúa a palabra muda, como nun cadro de Munch, a linguaxe amoradada pola arxila seca onde tamén se gravan os ocos dos verbas. Así, como as ruínas, a materia tamén bisba desde o que non hai. A ausencia, que ten forma de burato, pinta no aire unha historia que foi pedra. Tamén nos ocos das historias familiares onde persoas mortas e vivas enchen o baleiro cos remendos da xenética.

Precisamente porque hai materia, pódese documentar. Son as pegadas no tempo as que rexistran o que aconteceu. As fotografías actuais tamén son superficie na que se grava o que

pasou, como na terra e nos ósos, mesmo na furados abertos polas balas, tan cheos de significado. Todo é documento. A pegada dactilar dun asasinado sobre a súa sentenza de morte testemuña desde o pasado o crime. Os xornais actuais sobre os que descansan os restos investigados soportan estratos distintos de información. As lápidas sosteñen os nomes das persoas asasinadas e a memoria de quen le.

A tensión entre luz e sombra expón a relevancia da duplicidade resolta na superposición de planos. A profundidade de campo presente nas fotos de Eloy confrontan materia viva e morta, emoción e obxectividade, pasado e presente, ética e historia. Hai quen quere facer da historia un relato, privala de seriedade como ciencia social. Mais aquí reivindicase tamén a súa dignidade, que á fin é a dignidade do real, porque as persoas mortas e a angustia das vivas ás que se lles negou o dereito á saudade, forman parte do mundo. Non son ficción.

Tampouco o oco da bala é un relato imaxinario. É un tiro co-varde e verídico. Nin os sentimentos pintados nas caras dos familiares forman parte do mito. É unha realidade construída coa solidez da ferocidade e dos recordos roubados. De aí a presenza constante das ferramentas da investigación. Límpase, mídese, analízase para volver deixar testemuño, para que non colla ningunha dúbida, tampouco para a ciencia. Trátase de taxar a bar-



barie. Cantos ferrados ocupa o esquecemento? E o medo? E a violencia ou a mentira? Pesan máis os ósos ou a súa evaporación nos programas electorais? Son estas fotos un simulacro, as sombras no fondo da caverna para algúns, ou sono as súas verbas?

Todo é duplo. Tamén se superpoñen os planos das fotografías. Hai fotos dentro das fotos. As que amosan as persoas vivas á cámara, documentos para elas do que foi e do que puido ser. Hai duplicidade no avó que lle ensina a ler á neta na historia familiar inscrita nunha lousa. Tamén hai duplicación nas fotos

que immortalizan unha Santa Compañía moderna, onde as persoas vivas de hoxe, en fileira, camiñan cos restos das mortas en caixas do tamaño duns zapatos.

Quen non o ve, non ten profundidade de campo nin de miras. Pero non está cego; o que quere é sacarnos os ollos. Por iso é tan necesario o labor das asociacións, como Cultura Aberta e a ARMH, que só esperan a cambio a reposición do decoro e da verdade facéndonos ver. Por iso é tan necesaria a ollada de Eloy. Para encher os furados oculares, para dotar de sentido as retinas.

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com
Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
36860 PONTEAREAS - GALIZA - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Rocio Rodríguez – Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán – Pérez Lema – X. Glez. Mtnz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Roberto Carlos Mirás – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez – **PORTUGAL:** Hilaria Albertina Dantas Antelo - Viale Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – João Martinho – **MADRID:** Juan Louzán – **BARCELONA:** Fdez. Valdeorra – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo – **CANARIAS:** Fco. Puñal – **NOVA IORQUE:** Fco. Álvarez (Koki).

Fotografía: Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex – Ortifus (España) – Omar Pérez (Galicia) – Mauricio Parra (Colombia) – Cébula (Polonia) – J.Bosco e Fernández (Brasil) – Marlene – Pohle (Arxentina) – Guy Badeaux (Canadá).

Depósito legal: VG-14/2017

Festival Internacional Pórtico do Paraíso en Monforte, Ourense e O Carballiño

A organización do Festival Internacional de Música Pórtico do Paraíso adiantou o cartel da súa décimo terceira edición, que terá lugar do 6 ao 15 de marzo e para a que conta coa colaboración da Xunta de Galicia. O festival, dedicado á difusión da música culta desde escenarios arquitectónicos singulares, esténdese por vez primeira fora da provincia de Ourense, para ofrecer na Ribeira Sacra lucense dúas dos cinco concertos programados este ano.

O representante da Xunta destacou a traxectoria de descentralización sucesiva polo evento, que en primeiro lugar estendeuse desde a cidade de Ourense a

outros puntos da provincia e agora dá o salto á de Lugo. “Desde a Consellería de Cultura e Turismo, vemos esta descentralización do festival e a súa apertura a unha contorna natural e patrimonial de tanta riqueza como é a Ribeira Sacra lucense como un gran valor engadido a un evento que xa conta co aval do público e con recoñecementos tan destacados como o selo de calidade EFFE Label, que se concedeu a Asociación de Festivais Europeos”, sinalou.

En palabras de Sutil, Pórtico do Paraíso ten xa consolidado un importante papel como plataforma de difusión da música culta entre o noso público a través de pro-

postas tanto de intérpretes galegos como do resto de España e do panorama internacional. Así por exemplo, no cartel deste ano, o concerto inaugural correrá a cargo da Escolanía de Segovia o 6 de marzo no Templo da Veracruz do Carballiño.

O festival inclúe as actuacións do arpista británico Andrew Lawrence King o día 7 na igrexa de Santo Estevo de Ribas de Miño (O Saviñao), do violinista galego José Manuel Álvarez o día 8 na igrexa do Santo Anxo de Ourense, do Kosmos Emsemble do Reino Unido o día 13 na igrexa de Santa María da Regoa de Monforte de Lemos e do guitarrista argentino Víctor Villadangos o 15 de marzo



Presentación da programación de festival.

no Liceo de Ourense. Este último será, ademais, o encargado de impartir o curso de interpretación

que se desenvolverá do 11 ao 13 de marzo no Conservatorio Profesional de Música de Ourense.

Ana Miranda: “Que Galiza estea incluída no Corredor Atlántico é unha ferramenta clave para a economía e a loita contra a emerxencia climática”

A portavoz do Bloque en Europa, Ana Miranda, defende a importancia de que Galiza estea incluída no Corredor Atlántico de Redes Trans-europeas de Transporte neste novo período de financiamento como un dos elementos clave que deben servir para impulsar un desenvolvemento económico sostible e na aposta polos modelos de transportes sustentables na loita contra a emerxencia climática. Miranda defendeuno así tras asistir á conferencia “O Noroeste nos corredores do Atlántico: retos e estratexias”, organizada polo grupo Prensa Ibérica e celebrada na Estación Marítima de Vigo.

“A inclusión de Galiza no Corredor Atlántico é urxente e indispensable para contar cunha economía forte, tal e como sempre defendeu o BNG”, salientou a portavoz do Bloque en Europa, quen considera indispensable a intermodalidade dos portos galegos co transporte ferroviario de mercadorías, tento



en conta ademais que segundo a UE no horizonte do 2030 deberían estar dotados con todos os servizos os diferentes corredores.

Ana Miranda subliña que a inclusión das cidades galegas neste corredor transeuropeo trátase dunha constante aposta do BNG e demandada no Parlamento de Galiza e no Europeo. Como eurodeputada defendeu na lexislatura pasada a inclusión de Vigo e A Coruña nesta rede no ano 2013, pero o goberno do PP decidiu investir noutros territorios, “polo que Galiza aínda sofre as consecuencias das oportunidades perdidas”.

Iniciativas do BNG

En concreto, tres das emendas presentadas no Parlamento Europeo para o período de financiamento 2014-2020 referíanse á inclusión do porto de Vigo na rede nodal de portos europeos, a modernización da liña Vigo-Porto e a inclusión do noso territorio ao Corredor Atlántico de transporte de mercadorías por ferrocarril.

A portavoz reclama que neste futuro marco europeo, o futuro Goberno ten que modificar a proposta de ADIF para conectar o Porto de Vigo e Coruña, porque senón vai ter graves repercusións económicas para Galiza, tal como vai pedir o BNG no Congreso.

Medio Ambiente destina máis de 50.000 euros a Quiroga



Ángeles Vázquez e Julio Álvarez.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda colaborará co concello lucense de Quiroga co fin de acometer unha serie de obras de mellora e humanización en varias prazas e espazos públicos deste municipio. Así o acordaron a conselleira Ángeles Vázquez e o alcalde Julio Álvarez coa firma dun acordo de cooperación en virtude do cal a Xunta se compromete a asumir o 70% do custo das actuacións e o concello achegará o 30% restante. Concretamente, a Consellería achegará 53.170,97 euros na anualidade de 2020 e o municipio outros 22.787,56 euros.

As obras previstas –cun custo estimado de case 76.000 euros–

inclúen varias intervencións en prazas e zonas verdes do municipio. Concretamente, acometerase a humanización das prazas de San Martiño e na de cálea Lago co fin de crear o seu respectivo espazo público; no parque da Igrexa mellorarase as condicións de seguridade e salubridade da zona de xogo infantil; na área verde localizada entre os edificios municipais da Casa da Cultura e do Centro Social, mellorarase o vello estanque, actualmente sen uso e non apto para a súa utilización, co fin de reconvertelo nun espazo verde de lecer de uso público, e na praza de España actuarase sobre o equipamento e o revestimento.

Opinión

Por José Manuel Balseiro Orol. Delegado territorial da Xunta en Lugo.

Museo e parador son posibles

A Xunta de Galicia presentou un proxecto integral para o impulso do turismo cultural en Lugo, unha iniciativa que busca facer xustiza a unha cidade orgullosa do seu pasado, pero tamén convencida do seu futuro. Sobre todo, da capacidade que o seu patrimonio, gastronomía e cultura teñen á hora de atraer novos visitantes, xerar máis emprego e maior actividade económica e comercial.

Hai quen nas últimas semanas se esforza por confundir a iniciativa liderada pola Xunta, presentándoa como se se tratase de escoller entre propostas excluíntes. Nada máis lonxe da realidade. Por qué

Lugo non pode ter un museo da romanización e tamén un parador de turismo? Se podemos ter as dúas cousas, por que renunciar a unha delas?

A Xunta de Galicia aposta pola creación do museo da romanización en Lugo, quen diga o contrario minte. Un museo en rede que porá en valor o legado do seu rico patrimonio arquitectónico e arqueolóxico. E farémolo ademais recuperando unha infraestrutura infrautilizada, o Museo Interactivo da Historia de Lugo (Mihl), que funcionará integrado coa área musealizada do futuro parador e vinculado a outros elementos da pegada romana como Santa

Eulalia de Bóveda ou a Domus do Mitreo.

Queremos converter a cidade de Lugo nun museo ao aire libre, unha iniciativa realista e posible para unha cidade que presume de ter tres patrimonios da Humanidade (e aspira a un cuarto). Que veciños e visitantes poidan chegar ao parador, camiñar polo casco histórico, mercar nos comercios, e que se despracen entre os distintos puntos e museos, a poucos minutos a pé, para gozar co moito que Lugo pode ofrecer.

Queremos tamén rehabilitar bens senlleiros como o Cuartel de San Fernando, o Pazo Dona Urraca ou a Casa-Torre, pero non para que sirvan de meros contedores, senón revitalizalos con novos usos como a segunda sede do Centro Galego de Arte Contemporánea, a oficina de turismo ou o

centro de enogastromía.

Non é unha proposta improvisada. Está avaliada co compromiso orzamentario da Xunta que achegará o 50% do custe e co informe dunha consultora que cifra un impacto económico estimado no primeiro ano de 1,6M€ para o novo parador-museo, ademais das vantaxes de contar cun establecemento público e de prestixio que contribuirá a dinamización económica da cidade.

O debate non é museo ou parador. Por qué renunciar a conseguir as dúas cousas? Lugo merece proxectos ambiciosos á altura do moito e bo que pode ofrecer.



Por Rafael José Adalid Rodríguez

O ben e o mal. Enfrontamentos e distincións populares

Se falamos sobre os enfrontamentos das figuras coñecidas, é obrigatorio nomear a Deus e ó demo. Se ben, os seus enfrontamentos son múltiples e diversos, dentro das tradicións e formas de expresión oral que se recolleron en Galicia, ao longo do tempo e do espazo, tamén o son.

No noso país, a fervente relixiosidade que acompañou e o segue a caracterizar, suporía a creación de múltiples mitos e lendas que inclúen tamén como protagonista ó anxo caído, con temáticas que van dende a creación ata o enfado de ambos os dous protagonistas. Desta maneira, tamén son innumerables as historias sobre Deus, Cristo, a Virxe, Santas e Santos que aparecen nelas.

O grao da nosa crenza é tan amplo, que persiste a superstición de que certas

divindades, sitios e persoas relacionadas coa relixión, son quen de liberarnos do meigallo ou de calquera posesión, incluso curar enfermidades.

Se a Deus se lle atribúe todo “o ben”, o ser creador... enténdese ó portador de luz como un ser que incita ó mal, causante de diversas catástrofes; tentando ós seres humanos con favores, poder, riqueza ou calquera outra cousa que satisfaga as necesidades e desexos destes. Nas diferentes historias contadas, vese que o díaño pode adoptar diversas formas, pero non sempre se aparece exclusivamente el, se non que o poden facer outros seres demoníacos de rango inferior.

Enfrontamento a nivel bíblico cómpre recordar o producido entre Abel e Caín, onde este último, por celos, matou ó seu irmán. Así como os opostos ceo-inferno,

que rememora outros do noso presente: Día-noite, inverno-verán...

Mais como estamos en época de Nadal, permítanme que presente ó protagonista deste próximo pasaxe: Papá Noel. Personaxe benquerido polos máis pequenos, baixa dende o Polo Norte cos seus renos e trineo máxico para aparecer entre a noite do 24 ó 25 e deixarlles agasallos.

É case imposible pensar que tradicionalmente, este personaxe teña alguén asociado impregnado cun ton maquiavélico. Pero quen é o oposto do gran bonachón? Krampus. Esta figura demoníaca rapta e mete no seu saco ós rapaces que se portaron mal para, posteriormente, segundo di a lenda, devoralos.

Ese protagonista literario causa medo coa ameaza do rapto ós máis novos, é común e frecuente ter variantes en todas as sociedades. Véxase de forma estendida o Coco, o Home do Saco... Ou dunha maneira máis localista o Home da Sangue, por algunhas aldeas do concello de Vilar de Santos.

Outras figuras recoñecidas son as bru-

xas-meigas... Damos con diversas acepcións e consideracións populares sobre estes, incluso sen faceren diferenciación entre as dúas: Por unha banda, poden ser entendidos como personaxes con atribucións malignas. Para outros, coñecedores en profundidade do corpo humano e a natureza, cunha posible comprensión de artes.

O que si nos podemos preguntar é... Cando unha persoa ten coñecementos, como os usa? Pódeos empregar para actuar en facer ben ou o mal, falamos así da bondade ou da maldade coa se puidesen exercer sobre as persoas, animais ou a natureza.

Aínda que poida que a figura da bruxa nacesse do proceso de asociación por parte do catolicismo entre demo e a meiga, é dicir da comprendida como curandeira.

En último lugar, cómpre que lembremos o dualismo, o cal acepta a existencia de dous principios supremos. Así, na filosofía china atopamos o famoso yin e yang.



Por Ramón Coira Luaces

Demasiado rigor punitivo

Coido que hai un excesivo rigor punitivo neste Estado e noutros. Deberíase clasificar en Réxime Aberto a moita máis xente que cumpre penas de prisión e cuxa evolución é favorábel ou cuxos delitos non causaron alarma social. A porcentaxe de persoas presas en relación ao total de poboación é demasiado elevada e os cárceres están masificados. A

tasa de criminalidade é máis baixa que a do noso entorno europeo (un 27%) e en Galiza máis aínda; porén a poboación reclusa é maior (un 37%). É dicir, as condenas aquí son máis longas.

Nas prisións tamén se castiga ás persoas presas para mantermos a disciplina e a necesaria convivencia. E nalgúns casos -na miña opinión- hai tamén demasiado rigor

punitivo. A privación de liberdade é dura e a prisión en xeral tamén. Hai suicidios, autolesións, depresións, persoas enferm@s (mentais ou doutro tipo),... É dicir, a “lenda rosa” de que nos cárceres se vive de luxo, pois até hai piscinas (xeralmente falso), non é real; porén tampouco a “lenda negra”, que os converte pouco menos que en centros de exterminio. E, recordando a Concepción Arenal (“condena o delito e compadece ao delincente”), direi que unha sociedade non só debe velar por si mesma e polas ví-

timas dos delitos, senón tamén ser compasiva cos autores/as dos mesmos e axudal@s a redimirse nun ambiente canto menos negativo mellor. Ás veces conséguese, noutros casos non. A xustiza e a bondade -que dicía un vello- fan moi boa mistura. O difícil é combinar e manter esas dúas cualidades, sen ser parvo.



Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero.

Luces de festa?

Chegou o tempo do Nadal, solsticio de inverno, cargado de sosego e fríos, de días calmos para os desexos e lembranzas, para aquelas ilusións que, mesmo politicamente, son esperanzadas nos avances cara á cordura e o sentido común, tantas veces proclamado e case nunca acadado. Ese que así, ben mirado, debora traer máis igualdade, xustiza e tolerancia, empatía e ansias de vivir, cun sorriso espetado no medio do rostro de todos. Pero non, os políticos están na foto na que se lles ve claramente destacados, acendendo unhas artificiais luces que ornamentan a contaminación, o consumo obsceno, luminoso e sonoro dunhas festas alporizadas e sacadas de madre. Foron e son festas de consumo en exceso pero agora tamén de espectáculo procaz, ese que insulta descaradamente os ollos dos marxinados e das persoas abeiradas. Vemos como dilapidan os nosos cartos, como os gastan sen límite sendo nosos, con total dispoñibilidade. Debera haber cinto para este exceso. E non lles doe en absoluto, anque esbardalle en inglés para

darse a entender prepotente de códigos, anque esqueza o da orixe. Pobres díaños. Fixeron entrada triunfal na inauguración entusiasta dun público afervorado e cego



naquela atención do dispendio e a sorpresa dos fastos. Que mágoa non apren-

desen antes os efectos de xenreira que producen con ese comportamento soberbio diante de moita xente sen traballo, da que non chega a fin de mes, da que pasa fame ou frío, daquela máis fráxil e menos protexida. Ben mirado parece unha loucura, un pulso contra os que temos que apertar o cinto para chegar, para os que cremos que hai que recortar gasto inútil, para os que vemos como recortan en sanidade e educación, na atención de dependentes. Os que vemos como axustan a hora para aforrar en luz e, mentres, algún iluminado acenden as luces que deberan alumiar nas casas dos que habitan na sombra.

A pesar da moita xente que está de acordo con estas accións, eu critico as actitudes soberbias, e quixera influír en calquera para que –nun futuro– non se repitan estas cousas de ostentación e desagrado, que se volven crueis, sobre todo para os máis débiles que ven como se gastan os cartos mentres eles pasan privacións fundamentais. Sería bo que os nosos representantes, con ínfulas mediáticas tan elevadas, aprenderan algo de psicoloxía social e de

masas, algo quizaís de post-graos en busca das solucións menos malas, equilibrios sociais e outras farrapadas –como eles chaman– que, logo, no poder non lembran. Claro, tamén suma iso de que os grandes partidos están moi esfarelados, con moitas vontades e tan diversas. Mentres os pequenos partidos, que xa veñen do esfarelado pasado, representan o que representan nesas súas pequenas atomizacións e conciliábulos de amigos e parentes. Así as cousas dan para non se sentir nunca representados pois ignoran as nosas necesidades e golfean con luces no medio do declive industrial, da desfeita do rural, do acaparamento de terras, do desalento social, da licencia ás empresas de economías descontroladas. Eu agardarei pola opinión dos expertos politólogos, a ver como interpretan estas exhibicións presuntuosas e –o que máis me interesa– como son capaces de envolver a tanta xente, a atención no medio desta desorde que non é outra cousa que unha derrota do discurso ruín, en Galiza, levado até o inglés. No medio do escándalo semella unha broma, non si? De moi mal gusto!



Por Nemésio Barxa

Ufano

Com aborrecimento sego forçada-mente nestes días o xogo medieval das propostas que presentan ao monarca os representantes das crases populares, os súbditos, para que decida a quem sua soberana vontade concede a mercê de acometer as gestões necessárias para a hipótese de formar um governo. E com repugnância comprovo como pessoas que pelejaram durante semanas para obter uma representação popular adequada a seus propósitos, que deixaram no caminho incluso cadáveres políticos, submissos se oferecem para a escolha perante o rei que descansadamente desfrutava com os chances, dimes, diretes e desvarios dos que pulavam por conseguir votos no campo político, ou tal vez indiferente ao que ocorria entre os que brigavam nos mitenes e o povo, que já não sabia que fazer com seu voto, certo sempre de que já viram a contarem. E vão correndo a contarem, orgulhosos de ser recebidos, rendendo pleitesia e demitindo da sua própria importância que lhe outorgam os votos dos cidadãos e menosprezando aos próprios votantes que foi a eles aos que empoderaram.

Nesse teatro de vaidades que som os prêmios princesa de Asturias ou Princesa de Girona, pagados com os impostos dos habitantes de este Estado, que proceder a seu pago lhe custa a muitos deles suor, sangue, lágrimas e fome, onde, para desfrute da família real, uma nena de treze ou catorze anos, á que não se lhe conhecem especiais virtudes, discursaria fronte a um auditório de sesudos intelectuais, políticos e aproveitados. Mas todos se prestam ao circo porque alguma vantagem tiram, ainda que só seja a vaidade de dar-se a ver.

Resulta-me pesado julgar. Existem monárquicos; não o entendo, mas existem. Gentes que ficam felizes de ver-se representados por uma família que vive á costa dos contribuintes sem retorno algum; que governam sem conhecer os sensaborões do dia a dia, da pobreza, da soledade, de como vive o comum da cidadania; que carecem de legitimidade; porque aqui o único “legitimado”, que se “legitimou” a si mesmo, substituindo a oprobiosa “legitimidade” das armas por um mais duvidoso e osado “por la gracia de Dios”, foi o desaparecido

ditador, depois este nomeou “a título de sucessor” ao agora emérito (miúda joia nos deixou), que já sua “legitimidade”(?) vem do pérfido ditador, pois não temos conhecimento de que este atuara como mampos-teiro, mandatário ou representante de esse Deus gracioso que lhe fizo a “gracia”, é dizer, sucessor em próprio nome; não parece muito honesta a herança e menos quando

lha disputou ao pai, que podia haver sido “sucessor a título de rey” do mesmo tirano, como o filho; polo que tanto o que atualmente se aferra ao trono como os políticos que o sustentem carecem de legitimidade para reviver uma instituição medieval, obsoleta e rejeitada pela maioria da sociedade.

Por isso eu me sito hoje UFANO. Porque o único representante no Congresso do único partido político de exclusiva obediência nacional galega, chamado ao fingimento e convalidação de um modelo de monarquia, sem outra transcendência que o fingimento e a parafernália, negou-se a escenificar uma submissão a uma figura completamente alheia á nossa nação galega, pois os reis galegos ficarem mortos muito atrás, no remate da Idade Media.

Bem polo nosso representante que dignamente representou a todos os galegos que sentimos o compromisso de nação e mantemos a dignidade soberanista, defendendo a igualdade do home e sua independência e a democracia que evidencia nosso espírito republicano.

Quinta do Limoeiro, Natal do 2.019



Cursos para desempregados en Rosende

O director xeral de Orientación e Promoción Laboral, Pablo Casal, visitou en Monforte de Lemos ao alumnado en prácticas da Unidade de Acción Formativa e destacou a importancia de adaptar a formación aos perfís profesionais que precisan as empresas e mesmo ás necesidades de cada territorio. Posteriormente visitou en Rosende (Sober) as instalacións da Escola de Hostalería Belarmino Fernández Iglesias, onde tamén se está impartindo un curso para desempregados, neste caso centrado na cociña.

Estes cursos enmárcanse no plan formativo para desempregados e desempregadas e ofrece nesta convocatoria máis de 800 cursos, cos que 12.660 alumnos



Raquel Arias, Pablo Casal e Luís Guitián.

poderán acceder a un certificado de profesionalidade. O Goberno autonómico, que financia o 100% das accións formativas, destina a esta iniciativa preto de 36M€ co obxectivo de seguir mellorando a

empregabilidade e ocupabilidade dos cidadáns, así como facilitar o seu acceso ao mercado laboral a través dun capital humano máis formado e adaptado ás necesidades actuais do tecido industrial.

Xornada de pacto dos alcaldes polo clima

O Centro Sociocultural de Sober albergou unha xornada de presentación e seguimento da Oficina Técnica do Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía, organizada pola Xunta de Galicia a través da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda coa colaboración do Concello de Sober.

O motivo da celebración deste evento foi o de proporcionar ao persoal técnico e político dos concellos, información de interese sobre que é o Pacto dos Alcaldes, os obxectivos a acadar e os compromisos que asume cada concello coa súa adhesión. Tamén se pre-

sentaron os avances da Oficina Técnica de Pacto dos Alcaldes, instrumento financiado pola Xunta de Galicia e coordinado dende a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, para asesorar aos concellos na súa adhesión e na elaboración do seu Plan de Acción polo Clima e a Enerxía Sustentable- PACES. En Galicia 157 concellos forman parte do Pacto.

O alcalde de Sober, Luís Fernández Guitián, agradeceu a boa acollida que tivo a xornada e o interese que espertou, así como o compromiso que trasladan os concellos con este reto e co Pacto ao que Sober foi un dos primeiros en sumarse.

Cabanas de madeira sobre árbores

O Concello de Sober incrementará a súa oferta turística coa apertura dun glamping, un aloxamento na natureza formado por cinco cabanas de madeira sobre as árbores, que abrirá as súas portas en 2021. O concepto de Glamping, tamén coñecido como cámping de luxo ou con glamour, implica unha escapada á natureza nun aloxamento único.

O proxecto, que levará por nome 'As Cabanas do Sil', está promovido polo empresario local Rubén Vázquez, que acaba de empezar a traballar nesta iniciativa no lugar de Santa Marta, na parroquia de Barantes. As cinco edificacións ecolóxicas serán construídas integramente en madeira e disporán de todas

as comodidades; como cociña, jacuzzi e terraza. Tamén terán calefacción e aire acondicionado. A maiores, haberá un edificio dedicado á recepción e lavandería. Poderán hospedarse un máximo de 14 persoas ao día.

Bosque autóctono

As cabanas estarán emprazadas nun bosque autóctono de carballos e castiñeiros centenarios moi próximo ao Canón do Sil. A súa construción farase respectando a paisaxe e a natureza e tratando de integrar as casas na contorna. A parcela sobre a que se asenta o proxecto conta con 12.000 metros cadrados de superficie. O proxecto supón un orzamento de preto de 300.000 euros e posibilitará a creación de dous postos de traballo.



Recreación dunha cabana.

O alcalde, Luís Fernández Guitián, pon en valor este tipo de iniciativas que "ademais de ofrecer un novo servizo turístico contribúen a crear postos de traballo no rural e a combater o despoboamento".

Premio de RTVE para Sober



Alumnos premiados.

Nenos e nenas do CEIP Plurilingüe Virxe do Carme veñen de facerse co primeiro premio do Concurso de contos solidarios nacional "Un juguete, una ilusión", que promove RTVE. O conto da clase de 4º de Primaria que se intitula "Los ju-

guetes solidarios" foi elixido o gañador en Segundo Ciclo. Á final chegaron, ademais do colexio de Sober, dous de Zaragoza, un de Sevilla e un de Xixón. O Concello de Sober felicita aos alumnos a agradece o apoio de quenes durante estes días votaron por eles.

Concerto solidario en Sober

A Escola Municipal de Música de Sober ofreceu un concerto solidario de Nadal. Participaron o coro infantil, o coro Berea, a Banda de Música de Sober, o CEIP Plurilingüe Virxe do Carme e o PAI de Sober. O equipo

de Goberno que preside Luís Fernández Guitián, agradece a alta participación no concerto, que fixo que o auditorio quedase pequeno para acoller a todo o público. Tamén dá as grazas polo quilo de comida entregado por

cada persoa asistente, o que se traduciu en máis de 300 quilos de comida para aquelas familias que máis o precisan. Durante a semana se recolleron máis alimentos nas oficinas dos servizos sociais do Concello.



Restauración de murais de San Vicente de Pinol en Sober

O delegado territorial da Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro, visitou o templo xunto co alcalde de Sober, Luís Fernández Guitián, e explicou que a actuación podería estar rematada no mes de maio. O contrato -adxudicado en setembro- incluía a redacción previa do proxecto de intervención; a execución material das obras comezou hai unhas semanas. Os traballos realízanse nos muros norte e sur da nave e no arco triunfal que os une, e servirán para recuperar un conxunto pictórico de gran valor histórico e artístico que permanecía na súa maior parte oculto cuberto pola cal. Nas áreas nas que se fixeron catas e noutras desencaladas aprécianse elementos iconográficos que tamén precisan dunha restauración. O estilo das iconografías sitúase como obra de principios do século XVI, á maneira hispano-flamenca.



Traballos na parroquia de San Vicente de Pinol.

A igrexa parroquial de San Vicente de Pinol está protexida polo seu valor cultural ao estar incluída no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia. É de estilo románico de comezos do século XIII, estruturada mediante unha planta de cruz latina e ábsida

rectangular cuberta por unha bóveda de canón, e cunha cuberta de madeira a dúas augas sobre a nave. Hai dous engadidos posteriores á estrutura inicial da igrexa: a sancristía situada no lateral norte da ábsida e outro habitáculo no sur da ábsida.

Premio para Marina Mayoral



Marina Mayoral recibindo o premio.

O conselleiro de Cultura e Turismo, Román Rodríguez, fixo entrega do galardón do IX Premio Voz de Liberdade, consistente nunha peza orixinal de Acisclo Manzano, á escritora e profesora mindoniense Marina Mayoral. Fíxoo nun acto celebrado na Biblioteca de Galicia e guiado polo escritor e profesor

Xosé Ramón Pena, que incluíu unha mesa redonda coa premiada e o presidente do Centro PEN Galicia, Luís González Tosar. O premio, impulsado por esta asociación cultural coa colaboración da Xunta, recoñece desde 2003 aos autores que ao longo da súa vida teñan sobresaído na defensa da liberdade de expresión e opinión.



Sober dispón de catro novas áreas de ocio

O Concello de Sober conta este outono con catro novas áreas de ocio para nenos e maiores construídas todas elas nas parroquias da localidade. As catro están dotadas de xogos infantís e equipamento para actividades biosaudables. As novas instalacións están emprazadas no núcleo da Vacariza e A Venda -na parroquia de Neiras-, en Casaniño -en Santa Cruz de Brosmos- e en Santiorxo, ao lado do campo da festa. Estas catro últimas instalacións supoñen un investimento total de 40.000 euros. O financiamento corre a cargo do Concello e do Grupo de Desenvolvemento Rural Ribeira Sacra-Courel, nun 50%. Estas catro áreas súmanse a dúas máis abertas recentemente en Matamá e no Barrio de Figueiroá.

Humor

0 Farelo 2020

por Francisco Puñal


Agora, polas festividades do Ano Novo, os caricaturistas ofrécennos unha visión particular sobre este acontecemento, que debe provocar unha reflexión no medio do caos, egoísmo, ambición, insolidariedade e guerras, que caracterizan ao planeta onde vivimos.

Soamente quédanos por dicir: Que o humor non falte no 2020!

Saúde e benestar para todos os nosos lectores. Salva o planeta terra da contaminación e do plástico, e que predomine a paz no mundo!



MARTIRENA



FUCO PRADO



Guía Gastronómica

Redacción

Gran Ouro para Tradición en barrica

O viño Tradición 2017, de Adega Vella de Jorge Feijoo González, conseguiu o Gran Ouro na Guía de Viños de Galicia para 2020, que edita Luís Paadín. Esta adega tamén recibiu a medalla de prata no Concurso Internacional “Mondial deas Vins Extremes” que se celebrou no mes de xullo no Valle d’ Aosta (Italia). A entrega efectuouse na cea do Nadal organizada polo consello regulador da denominación de orixe Ribeira Sacra. Tradición é un viño co 80 por cento de uva Merenzao, 10 por cento de Brancellao e outro 10 de Mencía, pisado en barrica nova e macerado durante seis meses. É un viño que representa a elaboración tradicional que se levaba a cabo na zona. Unha mestura de variedades autóctonas xunto cun coidado proceso manual na elaboración fan deste viño un compendio das mellores virtudes que se poden atopar nun viño tinto. A mestura de variedades, con maioría de Merenzao fan un viño tremendamente fresco, moderno, divertido con aromas a guindas en augardente e chocolate negro, moi equilibrado e sedutor en boca, moi complexo e elegante.



Botella de Tradición, viño tinto de Adega Vella.

Glenis de Lugo a Ourense



Luisa é moi coñecida en hostalería como Glenis.

Luisa “Glenis” abriu o seu café bar o 30 de novembro no Couto (Ourense) logo de anos de experiencia en hostalería na Barrela (Carballido) e Escarón (O Saviñao) na provincia de Lugo. O local abre ás 6.30 da mañá para dispoñer sempre de algo diferente en tapas, racións e sándwiches mixtos e vexetais. Ofrece gama de téis e infusións de Oquendo, nun local ben decorado e con moita luz interior e exterior e terraza cuberta para fumadores. Non pecha ningún día da semana.

Bar FUENTEFRÍA

Afumados
Carnes
Clásicos
Queixos
Ensaladas

Rúa Viriato, 6
OURENSE

Adega Vella

Eirexa 14, ABELEDA.
32765 A TEIXEIRA – Ourense.
Tfños. 606807897 - 660047602
info@adegavella.com

Ribeira Sacra
Consello Regulador Denominación de Orixe

**Vísita O TRASNO
en zona viños**

Rúa Lepanto, 10.
Ourense

**GLENIS
CAFÉ BAR**

Variedade de almozos.
Gama de infusións e téis.
Terraza para fumadores.

Rúa Prego de Oliver, 1
Teléfono 617 57 70 55
O Couto. OURENSE



*Os nosos
anunciantes
felicitan o
Aninovo aos seus
clientes*



O Plan Ribeira Sacra terá un investimento de 34 millóns ata 2023

O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, presentou o Plan Ribeira Sacra. Trátase dun plan de xestión da paisaxe cultural 2020-2023, unha ferramenta que tal e como explicou é imprescindible para esta zona e supón un paso relevante no camiño cara á súa inclusión na lista do Patrimonio Mundial da Unesco. “Como saben, levamos moito tempo traballando nesta candidatura”, dixo, asegurando que xa se declarou á Ribeira Sacra Ben de Interese Cultural na categoría de paisaxe cultural e xa se conseguiu que a súa candidatura sexa a que presentará España no ano 2021. Momento no que aproveitou tamén



O acto celebrouse na sede do consorcio dos Peares.

para agradecer ás entidades locais o seu compromiso decidido no impulso dunha candidatura que é “capaz de ilusionar a toda Galicia”.

En definitiva, sentenciou, para

lograr poñer en valor o noso territorio son imprescindibles ferramentas como o Plan Ribeira Sacra e o Plan especial de Infraestruturas e dotacións do consorcio local dos Peares.

Premio ao Consorcio de Turismo Ribeira Sacra



Gutián e Parente recollendo o premio.

O Clúster Turismo de Galicia e a Xunta de Galicia entregaron os Premios Galicia de Turismo, nunha gala celebrada no Teatro Rosalía de Castro da Coruña. O presidente, Luís Fernández Gutiérrez, e o vicepresidente, César Parente, do Consorcio de Turismo da Ribeira

Sacra recolleron o premio de mans de Sara Santos, presidente da Asociación Hostalaría Compostela, e de Héctor Cañete, vicepresidente do Clúster. O premio foi á candidatura da Ribeira Sacra como Patrimonio Mundial da Unesco en 2021 na categoría Promoción.

Monforte presidirá en 2022 a “Red de Juderías de España”

Celebrouse en Jaén a 53ª Asamblea de la “Red de Juderías de España-Caminos de Sefarad” á que acudiron o alcalde e a primeira tenente de alcalde de Monforte, José Tomé e Gloria Prada, respectivamente. Na asamblea traballouse en diferentes asuntos de interese, fundamentalmente o orzamento e os novos proxectos para o ano 2020, englobados tanto no área de Promoción Turística como nas áreas de Educación e Cultura.

O encontro serviu para así abordar estratexias común para acadar unha maior promoción das cidades da Rede no mercado nacional, da gastronomía sefardí e da formación online de guías turísticos, aspectos estes que marcarán a actividade da Red de Juderías durante 2020. A estas estratexias sumouse o Concello de Monforte, que en verbas do seu alcalde, “é moi importante para todos os membros da Red incorporarse a novas iniciativas de turismo e promoción que se engadan ás xa existentes”. Do mesmo xeito, a Monforte incorporouse na Asem-



José Tomé, terceiro pola dereita.

blea á Comisión de Turismo, para traballar dende a mesma na consecución das estratexias establecidas.

Participaron 19 das 22 cidades integrantes da Rede e contou con diversas actividades, como a presentación das guías turísticas das cidades da Red de Juderías, unha visita guiada polo Jaén xudeu, e unha comida institucional.

Está previsto que a cidade de Monforte presida en 2022 a Red de Juderías, e que polo tanto a cidade acolla a celebración da súa Asemblea anual, xa que esta presidencia establécese por orde alfabética das cidades membro: se Jaén asumiu a presidencia en 2019, en 2020 será a quenda de León, en 2021 a de Lucena, e en 2022, Monforte.

Adolfina Mesa, premio do Certame Galego de Arte de Begonte

O xurado da XXX edición do Certame Galego de Arte “José Domínguez Guizán”, convocado polo Centro cultural do mesmo nome, impulsor do Belén Electrónico de Begonte, formado por Aurelia Balseiro, Directora do Museo Provincial de Lugo; Manuel Gulín, pintor; Gonzalo Sánchez Folgueira-Zalo, pintor; e Xulio Giz, xornalista, en representación do Centro cultural convocante, como secretario, sen voz nin voto, acordando por unanimidade conceder o Premio José Domínguez Guizán de arte, para premiar traballos de pintores galegos (nados en Galicia ou residentes habituais), que promovan a igualdade e loiten pola erradicación da violencia sexual sufrida polas mulleres, dotado con 1.500 € e estatuíña de Sargadelos, á obra “Amor mortal” (acrílico sobre lenzo e outros materiais), da que é autora Adolfina Mesa, residente en Monterroso.

Pola calidade do seu traballo,



concédesse unha Mención de Honra dotada con estatuíña de Sargadelos á obra Visibéis invisibéis de Eduardo Baamonde, de Vilagarcía de Arousa.

A obra á que se concede o premio será utilizada polo Concello de Begonte, dentro das súas campañas a prol da igualdade e de loita contra a violencia sufrida polas mulleres.

Os premios serán entregados no Centro cultural de Begonte, no decurso dos actos de clausura da actual edición do Belén de Begonte, o 25 de xaneiro.

A Xunta ten lista a candidatura da Ribeira Sacra a Reserva da Biosfera

A directora xeral de Patrimonio Natural, Belén do Campo, participou representando a Galicia no evento “A xuventude de Reservas da Biosfera: unha oportunidade para a loita contra o cambio climático”, que se celebrou na sede da Fundación Abertis, no marco do Cumio Mundial do Clima COP25. Durante o acto, do Campo coincidiu con Miguel M. Clusener-Godt, secretario do Programa do Home e a Biosfera (MAB) da Unesco, o organismo que en última instancia deberá valorar e tomar a decisión definitiva sobre a candidatura da Ribeira Sacra a

reserva da biosfera. Por iso, a directora xeral comunicoulle ao alto cargo da Unesco os últimos avances dados pola Xunta neste sentido e convidóalo a visitar Galicia para coñecer persoalmente os valores naturais, culturais e paisaxísticos que atesoura este espazo, situado entre as provincias de Lugo e de Ourense.

Galicia conta na actualidade con seis reservas da biosfera e aspira a incorporar a medio prazo a da Ribeira Sacra e serras do Oribio e Courel. De feito, tal e como lle trasladou Belén do Campo a Miguel Clusener-Godt, a candidatura técnica desta zona deu un

paso decisivo a semana pasada, ao superar o último trámite para que a Xunta poida remitir e formalizar a súa solicitude ante a Secretaría do Comité español do Programa MAB da Unesco.

A directora xeral avanzoulle que a candidatura da Ribeira Sacra xa está lista e preparada para ser remitida de forma oficial ante os representantes da Unesco en Madrid, co obxectivo de que en 2021 poida converterse na sétima reserva da biosfera da comunidade.

A conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, presidira días antes a sesión constitutiva do Comité de



Comité de coordinación da Rede de Reservas da Biosfera de Galicia.

Coordinación da Rede de Reservas da Biosfera de Galicia, creado este ano por decreto e que na súa primeira xuntanza lle deu o visto bo ao documento técnico elaborado pola Xunta. O seguinte paso será presentar a candidatura técnica ante a Secretaría do Comité español

do Programa MAB (Home e Biosfera), que seguirá coa súa tramitación. Vázquez Mejuto subliña que unha vez se obteña a declaración por parte da Unesco, o 42% do territorio galego quedará amparado baixo algunha figura de protección.

“Os nove anos de Fraguas en Lugo” presentado en Rábade



Acto no IES Río Miño de Rábade (Lugo)

O proxecto-homenaxe “Os nove anos de Fraguas en Lugo” foi presentado no IES Río Miño de Rábade acto ao que asistiu o presidente do Colectivo Egeria, Xulio Xiz, ademais dun grupo de alumnos do centro educativo. O proxecto Fraguas en Lugo está composto polo libro “Os nove anos de Fraguas en Lugo”, que recolle textos dos promotores desta iniciativa, e doutros amigos e antigos alumnos de Antonio Fraguas, sobre os nove anos que este pasou en Lugo, e da profunda pegada que deixou na cidade e na sociedade lucense; unha exposición itinerante, composta por doce paneis, nos que se resumen os contidos do libro, e que está a percorrer toda Galicia; e a web fraguas-en-lugo.org, que recolle todas as contidos da publicación en papel.

Convocados polo profesor Manuel Regueiro Tenreiro, que tivo gran relación profesional e persoal con don Antonio Fraguas, reuniron recordos o historiador Antonio Prado Gómez (ao que nada do antigo “Instituto Masculino de Lugo” lle é alleo), e os antigos alumnos do vello profesor, Paco Martín, Xulián Parga e Xulio Xiz, para –por serlle dedicado a Fraguas o Día das Letras Galegas de 2019– facer un achegamento á pegada que o mestre Fraguas deixou na cidade das murallas, e en todos os que tiveron a sorte de telo por docente e amigo.

Polo recente pasamento do profesor Manuel Regueiro Tenreiro, a homenaxe a Fraguas ven ser tamén unha homenaxe póstuma ao iniciador deste proxecto, o derradeiro no que con grande ilusión se involucrou.

Exposición sobre Antón Fraguas na Delegación da Xunta



Promotores de “Os 9 anos de Fraguas en Lugo”.

A Delegación Territorial da Xunta en Lugo acollerá durante a primeira semana de xaneiro a exposición “Os 9 anos de Fraguas en Lugo”, que promoveron antigos alumnos do intelectual xunto co colectivo Egeria. A mostra inaugurouse o 30 de decembro coa participación do delegado territorial da Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro, os promotores Xulio Xiz, Antonio Prado e Xulián Parga, e o sobriño do escritor Avelino Martínez. Tamén asistiron outras persoas que tiveron a Fraguas como profesor no antigo Instituto Masculino de Lugo.

Foi precisamente nese centro, o actual IES Lucus Augusti, onde comezou a andaina desta exposición nos prolegómenos do Día das Letras Galegas, que este ano se adicaba á figura de Antón Fraguas. Dende entón, percorreu 22 destinos da provincia de Lugo,

Santiago de Compostela e Cotobade –o concello natal do escritor–.

O proxecto contou co apoio da Xunta de Galicia a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística. Ademais desta exposición itinerante, inclúe a publicación dun libro e unha web (www.fraguasenlugo.org) así como un folleto que recolle os contidos da mostra. Así mesmo, o pintor Manuel Romero confeccionou cinco cadros sobre as etapas vitais de Fraguas que foron entregados ao Instituto de Lugo, Concello de Cotobade, Instituto Rosalía de Castro de Santiago, Museo do Pobo Galego e Instituto Padre Sarmiento.

O acto serviu para pechar en Lugo o ano de Antón Fraguas, pero tamén como homenaxe ao principal impulsor deste proxecto, Manuel Regueiro Tenreiro, falecido hai uns meses.

Plan de recuperación dos soutos tradicionais en Nogueira de Ramuín

A Consellería do Medio Rural, apoia con 240.000 euros a tres industrias da provincia de Ourense dedicadas á produción de castañas. A delegada territorial en Ourense, Marisol Díaz Mouteira, visitou unha delas emprazada no parque empresarial de Nogueira de Ramuín e aproveitou para destacar o peso do sector da castaña na provincia de Ourense, que concentra o 75% da produción deste froito en Galicia. Durante a visita á cooperativa agraria Sofragal, Marisol Díaz puxo en valor o traballo realizado polos seus socios desde o ano 2013, ano en que iniciaron a actividade, por xestionar de forma conxunta as case 15 Has. de castaños que permitiu rendibilizar esta superficie.

Díaz Mouteira coñeceu o proxecto que desenvolveu esta cooperativa grazas aos apoios auto-



Visita á empresa Sofragal.

nómicos cifrados en máis de 160.000 euros que supoñen un investimento de preto de 360.000 euros. Ata agora soamente se dedicara á produción e recolección de castaña e este ano creou unha nova industria de transformación deste produto para a obtención de castaña deshidratada pelada

e fariña de castaña. Prevese que logo destes investimentos, en cinco anos, Sofragal xestione case 21 hectáreas de soutos e obteña unha colleita de 50.000 quilos de castaña que posibiliten comercializar 15.560 quilos de castaña deshidratada pelada e 2.470 quilos de fariña de castaña.

Medio Rural e o Concello de Muíños estudan crear unha aldea modelo

O conselleiro do Medio Rural, José González, mantivo unha xuntanza de traballo co alcalde do concello de Muíños Plácido Álvarez, para coñecer as necesidades e demandas dos veciños deste municipio ourensán relacionadas co agro. Ambos dirixentes analizaron a posibilidade de crear unha aldea modelo neste termo municipal e así poñer de exemplo de prevención e de desenvolvemento económico a un núcleo deste concello. Así o conselleiro sinalou que esta iniciativa ten como principal obxectivo defender as persoas e os bens dos incendios forestais mediante diversas actuacións enfocadas á posta en marcha de actividade agrogandeira na franxa dos 50 metros próxima ás vivendas. Neste caso apostaríase por orientar eses terreos a producións de cereais en ecolóxico.

Neste senso, o alcalde mostrou moi interesado e comprometeuse a analizar a situación actual das súas aldeas para atopar



Tomás Fernández, José González e Plácido Álvarez.

unha posible candidata. Pola súa banda, o titular de Medio Rural agradeceu a súa disposición para traballar todos xuntos na protección do rural e incidiu en que, a través desta figura, ademais de executar a limpeza das chamadas franxas secundarias é determinante poñela a producir para que actúen como devasa natural fronte aos lumes forestais.

O rexedor municipal tamén solicitou información sobre o Plan de recuperación dos soutos tradicionais de Galicia, que vai levar a cabo a consellería. Así, José González explicoulle que nunha

primeira fase procederase a identificar e caracterizar os soutos tradicionais existentes en Galicia para logo, nunha segunda parte, analizar a viabilidade de xestión das zonas produtivas destes soutos e as posibilidades de transformación e comercialización do produto. Finalmente, e xa nunha terceira fase, trasladou o conselleiro, abordarase a implantación dun modelo de aproveitamento deses soutos, coa finalidade última de que sexa un elemento dinamizador do territorio rural, compatible coas novas plantacións de castiñeiros que se están a impulsar.

As rodas de afiar terán museo

O Museo da Roda de Afiar abrirase en 2020 nas instalacións que viña ocupando o Inorde. O proxecto conta coa colaboración do ourensán Florencio Martínez Vázquez coñecido artisticamente como Florencio de Arboiro, lugar do Concello de San Xoán de Río, onde tén a maior exposición dedicada ao oficio dos afiadores: A Casa das Rodas.

Florencio de Arboiro intereseouse por coleccionar e restaurar "rodas", accesorios, útiles, historias ou vehículos, entre outros obxectos, para despois fundar A Casa das Rodas. O espazo, propiedade familiar de Arboiro, alberga máis de 250 rodas de diversas tipoloxías (pequenas – que utilizaban para transportar ás costas–, tradicionais, "mole-



Florencio no seu museo de Pereiro de Aguiar.

xóns", accesorios para axustalas a bicicletas ou motos...). Florencio Martínez encargouse de recompilar ampla documentación sobre os propietarios de cada obxecto, para dar a coñecer tamén as súas historias persoais e profesionais, así como a linguaxe propia do gremio, o "barallete", que actualmente só lembran algúns veciños da provincia.

A pintora Carmucha Vázquez Prats expón ata febreiro

A sala municipal José Ángel Valente inaugurou a exposición Retrospectiva, de Carmucha Vázquez Prats. A artista nacida en Pontevedra en 1934, residente en Ourense, presenta nesta mostra medio cento de obras que percorren a súa obra e resumen a súa vida pictórica. Muller adicada á pintura dende nena, é un exemplo de contancia, traballo e implicación artística. A súa primeira exposición foi nos anos 50, e desde aquela realizou continuas mostras a nivel nacional e internacional.

Vázquez Prats procede a pinceladas curtas, case unánimes, que van compoñendo con pequenos fragmentos de cor a paisaxe estremecida da súa pintura. Son pinceladas sinxelas mais




Carmucha diante dunha das súas pinturas.

sinceras e alleas ao efectivismo fácil, que se espaxen polo fondo do cadro coa mesma minuciosidade de procedemento que cando tocan a figura protagonista. É mostra desa xenerosidade de valoralo todo co mesmo aprecio, sen establecer distancias.

A mostra poderase visitar até o día 16 de febreiro na sala municipal da rúa do Paseo.


MARTIRENA



O recibo da luz afrouxa pero non baixa



O nazi detido en Valencia con munición...



España sen médicos, colexios, nin trens



Italia asedia á Mafia

CONFITERIA

Regino

Nova gama de productos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís
a partir de 2 kgs.

Especialidade en
rosquillas e melindres



Rúa Reveriano Soutullo, Ponteareas

986 640 834

Presentan na Casa de Galicia en Madrid "Cuento de la Travesía de las Musas", de João Pedro Méseder

A Delegación da Xunta en Madrid/Casa de Galicia acolleu en decembro a presentación do libro "Cuento de la Travesía de las Musas", de João Pedro Méseder, unha coidada obra publicada por Hércules de Ediciones, con ilustracións da artista compostelá Raquel Senra Fernández. A Travesía das Musas é unha rúa estreita nun barrio vello e pobre dunha antiga cidade pero na que o seu protagonista, Juan, vive rodeado de poesía e diversión que comparte cos seus veciños xunto cos desexos de aventura e liberdade.

No acto interviñeron, ademais do autor João Pedro Méseder, a ilustradora Raquel Senra Fernández; a editora, Laura Rodríguez Herrera; así como o coordinador de Actividades da Casa de Galicia encargado da presentación, Ramón Jiménez, quen o fixo en nome do delegado da Xunta en Madrid e director da casa de Galicia, José Ramón Ónega.



A ilustradora compostelá Raquel Senra, o coordinador de Actividades da Casa Ramón Jiménez, o autor João Pedro Méseder e a editora Laura Rodríguez.

O libro é unha coidada obra deseñada para todas as idades aínda que pensada para os máis pequenos, cunha linguaxe áxil e amena e no que se mostra un mundo afastado no tempo pero rescatado polo autor e a ilustradora para facelo actual.

A editora, Laura Rodríguez Herrera, agradeceu a João Pedro Méseder a súa confianza en Hércules para publicar o seu Cuento de la

Travesía de las Musas/ Conto da Travesía das Musas e a Blanca Ana Roig Rechou por conectala co prestixioso autor, ademais de conseguir que un filólogo e intelectual da talla de Anxo Tarrío se fixera cargo das traducións das edicións galega e castelá. Tamén tivo palabras de recoñecemento para a ilustradora, Raquel Senra, por "conseguir ambientar á perfección o texto de João Pedro Méseder".

"Sentidiño", elexida Palabra do Ano

Sentidiño é a Palabra do Ano 2019. Así o determinou a elección virtual pública promovida polo Portal das Palabras, a web de divulgación do léxico galego da Real Academia Galega e a Fundación Barrié. O termo máis votado polas persoas que participaron na escolla constitúe unha forma de noso de denominar o sentido común, un antídoto eficaz para moitas das preocupacións sociais que adoitan reflectirse nesta iniciativa que conecta

a lingua coa actualidade. Feminicidio foi a segunda palabra máis votada nun ano no que as rúas volveron encherse de voces contra a violencia de xénero e narcosubmarino, apenas semanas despois de irromper na linguaxe cotiá de Galicia, acadou o terceiro posto. Seguíronlles, por esta orde, quecemento global, ecocidio e negociación, os outros termos que foran finalistas tras unha recollida de propostas entre o público, que deixou un regueiro

de suxestións nas que a reivindicación da igualdade de xénero e da xestión sostible dos recursos naturais compartiu protagonismo coa actualidade política local e global.

En total sentidiño acaprou o 51 % dos votos emitidos, feminicidio conseguiu preto do 20 % e narcosubmarino rozou o 15 %. Quecemento global sumou o 8 %, ecocidio acadou o 5 % e negociación foi a menos elixida con apenas o 1% dos votos.

Os Bolechas presentan 'Nadal sen neve'



Nas vacacións de Nadal, os Bolechas presentaron a nova proposta para gozar das festas en familia e en galego e que leva por título 'Nadal sen neve'. A contaminación e o quecemento do planeta centran a trama, que percorreu oito municipios de Rede de Dinamización Lingüística durante as festas. A CRTVG e Gadis colaboraron un ano máis para facer posible este proxecto.

É Nadal e os Bolechas están na casa, porque vai moitísimo frío. Entón escoitan na televisión que un informe da axencia europea do medio ambiente sitúa o noroeste peninsular como unha das zonas que máis se verán afectadas polo quecemento do planeta. Os Bolechas fican arrepiados e van chamar o seu amigo o científico Estroncio Potasio que co seu aparello cuántico acelerado vai provocar algo terrible. De súpeto aparece un Lixontropo, unha das conse-

cuencias do cambio climático. A Lixontropo encántalle a calor polo Nadal e tamén comer fume de coche, cueiros, porcalladas e... Lixo, lixo, lixoooo! Poderán facer algo os Bolechas?

20 anos cos Bolechas

Os Bolechas celebran o seu 20 aniversario. O primeiro libro da popular familia creada por Pepe Carreiro viu a luz no ano 2000. Desde entón, con máis de 650 títulos publicados e máis de 1.750.000 exemplares distribuídos, teñen unha verdadeira lección de fans que seguen con paixón as súas aventuras, ben sexa a través dos seus libros, da televisión, nas propostas escénicas ou nas saídas á rúa.

Asemade, Os Bolechas falan sempre en galego, de forma que contribúen á divulgación e á formación da poboación infantil na lingua propia. Isto converteunos nun referente e na serie de maior éxito da historia editorial de Galicia.